



007378 19.10.2010 09:20

Á vista do escrito de 30 de setembro de 2010 do Coordinador da Aula de Produtos Lácteos da USC polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas da titulación de Enxeñaría Agrónoma da Escola Politécnica Superior de Lugo

-Considerando que a titulación de Enxeñaría Agrónoma impartida na EPS do Campus de Lugo recolle a posibilidade de que os alumnos desta titulación realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas ata un máximo de 500 horas e un mínimo de 180 horas computándose 1 crédito de libre configuración cada 30 h. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que a Aula de Produtos Lácteos dependente do Instituto de Investigación e Análise Alimentaria está integrada na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación impartida na EPS coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

ESTA REITORIA RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado da titulación de Enxeñaría Agrónoma da Escola Politécnica Superior nas instalacións da Aula de Produtos Lácteos.
2. Establecer que o réxime das prácticas será o seguinte:
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Responsable desta titulación de acordo coa Dirección da Aula de Produtos Lácteos, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas na Aula de Produtos Lácteos non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
 - A Comisión Responsable da titulación de Enxeñaría Agrónoma da EPS de Lugo nomearán a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o responsable da Aula de Produtos Lácteos nomeará a un titor deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
 - Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
 - A avaliación das prácticas realizarase a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da Aula de Produtos Lácteos.

- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Aula de Produtos Lácteos emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2010

O REITOR




José Casares Long

**SR. DIRECTOR DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA
SR. DIRECTOR DA AULA DE PRODUTOS LÁCTEOS**